

D'SÚPETO

D'Súpeto é unha nova formación galega que aposta por reinterpretar a música tradicional dende unha perspectiva contemporánea e creativa. Alternan versións de temas tradicionais con composicións propias, creando un son fresco e auténtico. A súa estrea oficial foi na 12ª edición do Noia Harp Fest en 2026, nun concerto moi agardado polos amantes da música de raíz e dende entón están presentando a súa proposta en distintos espazos do País.

MEMBROS:

-**Xosé Álvarez** (Monforte de Lemos, 1956): Arpa, mandolina e laúde.

Comezou tocando instrumentos construídos polo seu pai, incorporándose moi novo a agrupacións rondallísticas. A parte de una longa carreira como luthier é co-fundador do mítico grupo **Citania**, foi pioneiro na introdución da arpa no folk galego e é historia viva da nosa música. En D'Súpeto aporta a súa ampla experiencia e creatividade instrumental.



-Tonecho Castelos (Sada, 1979): Violín e viola tradicionais.

Formado en conservatorios galegos, especializouse en música tradicional. Tocou con Citania, Susana Seivane, Milladoiro, Roi Casal e moitos máis. É tamén docente e promotor do violín galego.



-Diego Barral (A Coruña, 1981): Guitarra acústica, pedal de bombo, octavador, pedal teclado

Autodidacta cun estilo propio baseado en afinacións abertas e o son acústico contemporáneo. Leva 30 anos formando parte de bandas e proxectos diversos. Membro de Citania e colaborador en proxectos audiovisuais, discográficos e directos como o do acordeonista Andrés Penabad, Pentalfa (proxecto paralelo de Luar Na Lubre), coa cantante-panderetera cántabra Alba Gutiérrez, o frautista Dani López , música infantil con Pablo Díaz & TicTac ou canción de autor como César de Centi



-Martín Marticorena (A Coruña, 1989): Frauta de bico, whistles, frautas traversas, ocarinas, gaita de cana.

Iniciado no *Coro Cántigas da Terra*, músico versátil con interese na música barroca e en tradicións orientais. Membro de Citania dende 2009 e colaborador en proxectos diversos como *DOA*, *Carolina Rubirosa* ou *Alba Gutiérrez*

